

Estamos rematando o curso e un ano máis chega a FESTA DAS FAMILIAS DE VENTÍN. Aquí tedes o programa que está feito, coma sempre, con toda a nosa ilusión para que sexa unha fermosa xornada de convivencia. Haberá tempo para ver o moito que aprenderon os nosos rapaces e rapazas nas actividades extraescolares; para degustar o churrasco recién feito; para intentar levar o trofeo da chave e para xogar ao que máis nos preste, tanto nenos coma adultos. E como non, remataremos todos xuntos arredor da tómbola.

Organizar esta xornada foi un traballo de equipo no que a Anpa contou coa colaboración das familias de 5º, que se farán cargo do xantar, a cantina e a tómbola, co fin de recadar fondos para a Viaxe Cultural a Cantabria 2019.

Agardamos ter acertado para que este sexa, de novo, un día especial. Para os que nunca faltades, para os que vos achegades por primeira vez, para os nosos compañeiros de infantil, que pronto estarán no cole, e tamén para os que xa se foron. Todos sodes Ventín e esta é a vosa festa. A disfrutar!



PROGRAMA

- 10.00** Comezo das exhibicións das actividades da Anpa.
- 11.00** Apertura das inscricións na xincana e nos campionatos da tarde.
- 12.00** Xincana de xogos populares.
Final do campionato de fútbol.
- 13.30** Remate das exhibicións.
Sesión vermú a cargo do grupo musical Mikan.
- 14.00** Xantar (previo encargo).
- 16.00** Inchables multiobstáculos, karts a pedais e touro mecánico.
Obradoiros dirixidos: pysslas, maquillaxe, pulseiras e abalorios.
Karaoke.
- 16.30** Campionatos de chave, petanca e ping-pong (patrocinados pola Cafetería Casa da Cultura).
- 19.30** Gran Tómbola da Festa das Familias.
- 20.00** Fin de festa.



FESTA DAS FAMILIAS RESERVA DE XANTAR



A nome de



- | | | | | | |
|--------------------|--------|----------------------|-------------------------|--------|----------------------|
| • Churrasco (tira) | 6,50 € | <input type="text"/> | • Empanada atún (1 kg) | 8,00 € | <input type="text"/> |
| • Criollo | 1,50 € | <input type="text"/> | • Empanada xamón/queixo | 9,00 € | <input type="text"/> |
| • Tortilla | 7,00 € | <input type="text"/> | • Pan (½ kg) | 1,00 € | <input type="text"/> |

Propoñémosvos varias opcións para que combinedes ao voso gusto. Tamén haberá servizo de cantina todo o día con auga, refrescos, cervexa e café, así como doces e xeados para acompañar a mañá e a sobremesa. Indicade a cantidade do que vos apeteza e entregade a reserva xunto cos cartos no buzón da Anpa.

A data límite para facer os pedidos é o mércores 6 de xuño ás 14 horas.